

# Queixas e opinións agradables. Práctica



ESCRIBE PARA CADA SITUACIÓN QUE DIRÍAS PARA EXPOÑER A TÚA CRÍTICA/PETICIÓN/ELOXIO:

Tedes programados para a semana que vén exames de lingua, matemáticas e inglés. O xoves ides de excursión e non tedes clase e o venres, único día que vos queda libre, non tedes clase de Sociais. A avaliación é para a próxima semana e a profesora de Sociais quere poñer o exame o mércores, pero coincidevos con inglés, que ao ser avaliación continua, se suspendedes, quedavos pendente a avaliación. Estás moi nervioso/a, porque a profesora de Sociais, aínda que entende a vosa situación, non dispón de máis días. Quedades para falar no recreo para que o voso delegado/a lle expoña á profesora de inglés a petición de ser ela quen cambie o seu exame para o venres, que si tedes inglés. Como o expoñeríades?

Almudena é unha gran estudante e compañeira. Adoita estar sempre contenta e axuda aos demais en todo o que pode. Con todo, ultimamente vézelle un pouco triste e onte contestou fatal cando lle preguntaches unha dúbida que tiñas en matemáticas. Ti preguntácheslle de malos modos que lle pasaba e ela contestou que a ti non che importaba. Enfadácheste moito, pero despois, lembrando todas as veces que che axudaba, tiveches ganas de falar con ela.

Preparade un rolle-playing, un fai de Almudena e outro/a do compañeiro/a. Escibide o diálogo.

# Queixas e opinións agradables. Práctica



ESCRIBE PARA CADA SITUACIÓN QUE DIRÍAS PARA EXPOÑER A TÚA CRÍTICA/PETICIÓN/ELOXIO:

Unha compañeira de clase tenche moi canso. Sempre che pide todos os teus materiais (bolígrafo, lapis, rotuladores...). Nunca dá as grazas e, ás veces, es ti quen ten que lembrarlle que cho devolva. Ao principio deixábasllo de boa gana, pero agora xa non che apetece seguir facéndoo. Que lle dirías?

Tes que facer un traballo con Antonio para a materia de Sociais. Da túa nota no traballo depende que aprobes ou suspendas. Antonio xa ten o notable asegurado en sociais e non parece moi interesado en facer ben o traballo, con aprobar é suficiente para el. Sempre pon escusas para quedar "Non sexas pesado, temos tempo", "Hoxe non me apetece", "Co día que fai prefiro irme por aí co skate"... Ti estás moi molesta.

Create un rolle-playing (un de vós fai de Antonio e outro da compañeira que necesita boa nota no traballo). Escríbide o diálogo

# Queixas e opinións agradables. Práctica



ESCRIBE PARA CADA SITUACIÓN QUE DIRÍAS PARA EXPOÑER A TÚA CRÍTICA/PETICIÓN/ELOXIO:

O deporte nunca se che deu moi ben. Esfórzaste e ves progresos, pero eres consciente de que outros teñen moita máis facilidade ca ti. Rafa é un deles, dáelle xenial. E xusto tocouche con el no equipo nesta avaliación. Métese contigo continuamente, chámate "paquete" e non valora os teus esforzos. Que lle dirías?

Rosa e Clemente son amigos teus. Antes eran noivos, pero enfadáronse e deixárono. Desde entón esfórzanse en que os demais da clase sitúense cun ou co outro e enfádanse se ven que falas ou estás pasándoo ben co seu "ex". Esta situación parécevos que é insustentable e pensades que é mellor falar con eles. Para iso, dous de vós decidides quedar nun recreo para expoñerlles as vosas queixas. Preparade o rolle-playing no que dúas persoas faredes de Rosa e Clemente e outras dúas dos compañeiros/as que van falar con eles. Escibide a conversa.

# Queixas e opinións agradables. Práctica



ESCRIBE PARA CADA SITUACIÓN QUE DIRÍAS PARA EXPOÑER A TÚA CRÍTICA/PETICIÓN/ELOXIO:

Pablo é unha compañeiro que che cae xenial (na clase). Pero pareceche que é un pesado no grupo que tendes de whatsapp. Sempre sobe bobadas, critica, métese con outros compañeiros/as... non lle reconeces nin entendes esa actitude que ten detrás da pantalla, porque en clase é responsable, atento, gracioso. Necesitas falar con el e dicirlle o que pensas. Como o farías?

Hoxe é o aniversario de Patricia. Ti es a única persoa á que convidou. É unha das persoas máis tímidas que coñeces. Onte confesouche algo no recreo que che está facendo sentir moi incómoda. Díxoches que cría que era lesbiana e que eras ti quen lle gustaba. A ti, con todo, quen che gusta é David (aínda que non che corresponde tampouco). Ti saíches cunha escusa da situación e ela non foi á seguinte clase do recreo. Cando volveu puidiches ver que os seus ollos estaban coma se estivese a chorar todo o tempo. Desde entón nin che mira, parece que sente moita vergoña. Ti non tes pensado contarlle a ninguén e gustaríache explicarlle o ben que te sentes tendo a súa amizade, quen che gusta a ti e como te sentes ao ver que ti a el non lle importas. Non queres deixala soa no seu aniversario, pero ir á súa casa con esta conversación pendente non che apetece nada. Decides falar con ela. Preparade un rolle-playing (un/a fai de Patricia e outro/a da compañeira). Preparade o diálogo.

# Queixas e opinións agradables. Práctica



ESCRIBE PARA CADA SITUACIÓN QUE DIRÍAS PARA EXPOÑER A TÚA CRÍTICA/PETICIÓN/ELOXIO:

Carla parece coma se sempre quixese ser a alumna perfecta. Non lle importa chivarse aos profesores/as, ás veces ata parece que goza deixando en evidencia aos seus compañeiros/as, aínda que non estea segura de que o que di é ou non verdade. Onte escoitouche dicir a un compañeiro que deixase de chulearse, que non era para tanto e, tan pronto chegou a profesora foi a contarllo, esaxerando e, se non fose polo teu compañeiro, que dixo que para nada sucedeu así e que ademais, estabades de broma, caeríache unha boa rifa. Como lle expoñerías as túas queixas a Carla?

Dani sempre quere que os demais fagan o que a el lle apetece. Ultimamente xa non quere xogar nos recreos, di que é de críos e o que lle apetece é pasarse ese tempo sentado charlando de cousas que, para ti, son bobadas. Os demais séguenlle o xogo, pero vese que tampouco o están pasando moi ben. Ti telo claro, non che apetece pasar o recreo sentado nun banco, prefires xogar nunha das pistas. Así o levas facendo un par de semanas e notas coma se os teus amigos de sempre xa non che falasen igual, chámante "crío", "matado"... ao principio non che importaba, tomábalo coma unha broma, pero agora xa che está empezando a molestar. Decides falar con Dani, xa que sabes que os demais fan o que el di. Preparade un rolle-playing (un de vós fai de Dani e outro/a do compañeiro/a). Escibide o diálogo.